

fiare

agentea - agente

 *popolare* Banca Etica



Memoria 2010

índice

CAPITAL SOCIAL - TRABAJO NO TERRITORIO	3
FINANCIAMIENTO	7
AFORRO	12
CARTA DE UGO BIGGERI	14
ASEMBLEA DE BANCA POPOLARE ETICA	15
ENCENTRO DE AVALIACIÓN ÉTICO-SOCIAL	17
SEGURO ÉTICO-SOLIDARIO	18
REDES NAS QUE PARTICIPAMOS	19
PUNTOS DE CONTACTO	20

CAPITAL TRABALLO NO TERRITORIO SOCIAL

O ano 2010 foi un ano complicado para case todas as persoas e organizacións en aspectos laborais, sociais ou económicos. Porén, no medio desta dura realidade, en Fiare experimentamos un forte crecemento en aspectos que non teñen relación principalmente cos números, aínda que estes tamén sexan bos e esperanzadores no caso do capital social.

Neste momento histórico, Fiare realiza a súa función como axente de Banca Popolare Etica en España a través dunha sociedade de responsabilidade limitada, denominada FIARE, S.L. Esta sociedade está formada exclusivamente por redes de persoas e organizacións que queren traballar no mundo das finanzas con outros valores.

Todas elas se agrupan para construír conxuntamente unha realidade nova, que permita integrar os principios da economía solidaria (equidade, traballo, sostibilidade ambiental, cooperación, ausencia de fins lucrativos e compromiso coa redonda) na actividade financeira. A realidade construída ata hoxe desde esa figura de axente non é pouca cosa, pero permite tamén seguir pensando no mañá

As organizacións actualmente participantes nesta construción son:

Coop 57	Fiare Canarias
Fiare Castilla - León	Fiare Catalunya
Fiare Centro	Fiare Galiza
Fiare Navarra	Fiare Sur
Fiare Xarxa Valenciana	Fundación Fiare (Euskadi)

Deste xeito, O CAPITAL SOCIAL PERMÍTENOS SER. A participación destas redes levando a cabo unha actividade socio-empresarial, configúranos e permite xa hoxe (nestes 5 anos de existencia) ter un contido nítido e tanxible, e unha visión do que quere-mos chegar a ser.

Todas elas, á súa vez, están compostas por múltiples persoas e organizacións de todo tipo de sectores, ideoloxías, confesións, etc. Todas elas nos achegan un valor agregado moi superior á mera suma de cada unha, xa que representan as dúas dimensións do proxecto: o contacto co territorio, ao poder participar como socias nas asociacións locais e, a través delas, no goberno de Fiare e, por outra parte, o soño dun proxecto maior que construír entre todas e todos. Este soño non é só ideal, é actual e concreto, a través da posibilidade de compromete-



Foto: Reunión grupos locais, Durango setembro de 2010.

terse como socio futuro da cooperativa de crédito na que a actual axencia poida desembocar¹.

As diferentes persoas e organizacións sociais autoorganízanse no territorio en forma de asociacións territoriais de ámbito autonómico (agás Sur e Centro que abranguen máis dunha autonomía) ou grupos locais, en ámbitos máis próximos. Foron preto de 100 persoas dos máis de 30 grupos locais de Fiare as que participaron o pasado setembro no primeiro encontro da base social do proxecto celebrado na localidade biscaíña de Durango.

Deste xeito, O CAPITAL SOCIAL PERMÍTENOS ESTAR. Non lle ofrecemos produtos e servizos á cidadanía, estamos no territorio e, xunto a outros axentes, construímos sociedade. E queremos estar tamén alí onde non temos oficinas, nin actividade financeira, levar a semente dun cambio de cultura no mundo financeiro a todas as persoas, á marxe da súa condición ou non de socia e/ou cliente.

Se na memoria do ano 2009 salientabamos a incorporación de Castela-León e Galiza (2009 e principios de 2010, respectivamente), 2010 foi o ano insular: produciuse a incorporación definitiva de Canarias (con grupos en Tenerife e Gran Canaria) e comezou a actividade do grupo promotor de Baleares, tamén con 2 grupos en Mallorca e Eivissa.

Ademais da incorporación das novas redes territoriais, as que xa participaban continuaron sumando persoas e organizacións. Os seus datos son os seguintes:

Participación por volume no tempo:

2008	236.050 €
2009	1.194.204 €
2010	2.127.782 €

En canto á súa distribución por rede en volume e número de socias, a 31/12/2010:

¹ Como é sabido e incluído expresamente nos compromisos de capital social, as opcións posibles, dependendo da evolución propia e dos cambios na redonda son dúas: a participación nun proxecto de banca ética cooperativa xunto a outras realidades europeas e a constitución dunha cooperativa propia española. Nestes momentos a opción máis presente é a de constituír un proxecto conxunto co noso socio actual, BpE.



Foto: Presentación Baleares: de pé, Toni Pons e Jordi Mari.

	Volume euros	Persoas físicas	Persoas xurídicas
Euskadi	757.952	611	37
Catalunya	582.614	287	68
Navarra	287.111	171	20
Sur	195.070	210	26
Centro	135.725	82	42
Valencia	76.150	51	27
Castilla - León	38.130	57	11
Coop 57	27.710	33	0
Galiza	19.510	45	10
Canarias	7.810	19	0
TOTAL	2.127.782	1.566	241

O capital social das entidades financeiras converteuse nestes anos difíciles nun tema de conversación case a nivel de rúa. A necesidade de capitalización, as diferentes fórmulas, os criterios do Comité de Supervisión Bancaria de Basilea, etc. ocuparon portadas e espazos televisivos. Hoxe, máis que nunca, cada euro de capital social dunha entidade financeira é o seu verdadeiro sangue, o que lle permite vivir.

O risco que unha entidade pode asumir está directamente relacionado co volume de capital social do que dispón, non co número de clientes nin co volume de depósitos. Polo tanto, é absolutamente estratéxico crecer en capital social, é condición de posibilidade. O CAPITAL SOCIAL PERMÍTENOS FACER. O volume de créditos que se poidan conceder será un multiplicador da cifra de capital. Nese sentido,

se dun xeito sinxelo e sen moita precisión dicimos que o ratio de capital esperado é do 8%, significa que se as persoas clientes queren que o seu diñeiro depositado poida prestarse, tendencialmente, un 8% del debería ser capital social.

Por último, como elemento definitivo que pecha o círculo, O CAPITAL SOCIAL PERMÍTENOS DECIDIR. O dereito de voto nunha cooperativa de crédito determínanos a condición de socia de cada persoa, non o volume de capital. Ese é o modelo no que cremos e é un punto irrenunciábel, unha participación en pé de igualdade da cidadanía, e sexa cal sexa o punto de chegada do actual FIARE, deberá selo respectando esta característica.

Presentación Canarias: na mesa Carlos Caballero e Vicente Hernández xunto a Peru Sasía





FINANCIAMENTO

Achegamos, como en exercicios anteriores, información sobre as operacións de crédito propostas por Fiare, que se aprobaron e asinaron. Por cuestións de espazo, eliminamos as referencias a créditos antigos vencidos que foran renovados, na medida en que apareceron xa noutras memorias anteriores.

Aínda así, percíbese a simple vista que a listaxe é cada vez máis extensa, o que significa maior número de operacións. Pero se o número creceu, o volume moito máis. O ano pasado a listaxe de créditos novos rondaba os 4 millóns de euros. Este ano supera os 6 millóns. En total, incluíndo renovacións, o importe real de créditos aprobados superou os 10 millóns de euros por primeira vez na historia.

Nos últimos tres anos o crecemento produciuse basicamente nas contas de crédito, debido ás dificultades de liquidez de moitas organizacións. O retraso no pagamento por parte da Administración Pública lastrou gravemente o funcionamento das entidades sociais. Non só se reduciron nalgúns casos os importes destinados a axuda oficial ao desenvolvemento ou a outro tipo de convocatorias, senón que as que permanecen pagáronse con maior retraso.

O reto que afrontan os nosos clientes é extraordinario: xestionar unha estrutura coa incerteza de se haberá ou non ingresos, cando se decidirá sobre eles e cando se cobrarán. E esas dificultades rebéntannos a nós, xa que moitas veces se nos solicita financiar a incerteza, algo moi complicado nas regras do sistema bancario.

A pesar disto, e de encontrarnos incluso con procesos de reestruturación de cadro de persoal, que resultan dramáticos neste tipo de proxectos, algunhas entidades puideron, dixerila situación, formular proxectos novos de investimento. Isto permitiu unha reactivación de créditos a medio e longo prazo na segunda metade do exercicio, que prevemos que continuará durante o ano 2011.

Incluímos tamén as operacións por diferentes criterios de clasificación, de forma que permita facerse unha idea clara do tipo de intervención que se está a realizar. Empregouse o criterio do crédito utilizado, que a finais do exercicio ascendía a algo máis de 10 millóns de euros e non o do crédito total aprobado (superior aos 19) ou o do crédito vivo, próximo aos 15 millóns de euros.

PROPOSTAS NOVAS APROBADAS EN 2010

RAZÓN SOCIAL	TIPO ORGANIZACIÓN	SECTOR	PROVINCIA	TIPO FINANCIAMIENTO	IMPORTE
ALBERA SCCI	COOPERATIVA	COOP. INT./COM. JUSTO	BARCELONA	CC CREDITO	100.000
ASOC CANTABRADE LUCHA CONTRA EL PARO	ASOCIACION	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	CANTABRIA	CC CREDITO	45.000
ASOCIACIÓN ELKARCREDIT DE APOYO ECONOMICO	ASOCIACION	COOP. INT./COM. JUSTO	BIZKAIA	PERSONAL	77.000
ASOCIACION HEGOKAK	ASOCIACION	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	NAVARRA	CC CREDITO	20.000
ASOCIACION D'AGROS DANISA AGRO SOCIAL	ASOCIACION	VALORES SOCIALES	LLEIDA	PERSONAL	30.000
CARITAS DIOCESANA DE OURENSE	ASOCIACION	VALORES SOCIALES	OURENSE	CC CREDITO	120.000
CENTRO OBRERO DE FORMACION CODEF	ASOCIACION	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	ZARAGOZA	HIPOTECARIO SAL	250.000
CLAROS S.COOP.ANDALUZA	COOPERATIVA	VALORES SOCIALES	GRANADA	PERSONAL	250.000
CLAROS S.COOP.ANDALUZA	COOPERATIVA	VALORES SOCIALES	GRANADA	CC CREDITO	250.000
CONFEDERACION D'ONG PER LA PAU ELS DRETS HUMANS I EL DESENVOLUPAMENT	FEDERACION	COOP. INT./COM. JUSTO	BARCELONA	CC CREDITO	100.000
CONFEDERACION ESTATAL DE CONSUMIDORES Y USUARIOS CECU	FEDERACION	COOP. INT./COM. JUSTO	MADRID	CC CREDITO	30.000
DINAMIA SOCIEDAD COOPERATIVA MADRILENA	COOPERATIVA	VALORES SOCIALES	MADRID	CC CREDITO	120.000
EDUCANDO NATURALEZA Y CULTURA S.C.	COOPERATIVA	COOP. INT./COM. JUSTO	MADRID	CC CREDITO	120.000
EMALUS EZKERRALDEA S.L.	SOCIEDAD CAPITAL	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CREDITO	236.900
EMALUS GETXO LOGISTICA S.L.	SOCIEDAD CAPITAL	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CREDITO	249.900
ESCOLTES CATALANS	ASOCIACION	COOP. INT./COM. JUSTO	BARCELONA	CC CREDITO	290.000
EUSKAL HERRIKO NEKAZARIEN ELKARTASUNA	ASOCIACION	VALORES SOCIALES	BIZKAIA	CC CREDITO	60.000
FEDERACION D'ATENEUS DE CATALUNYA	FEDERACION	COOP. INT./COM. JUSTO	BARCELONA	CC CREDITO	65.000
FUNDACION NOVA FEINA DE LA COMUNITAT VALENCIANA	FUNDACION	COOP. INT./COM. JUSTO	VALENCIA	CC CREDITO	54.000
FUNDACION DEIXALLES PALMA	FUNDACION	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	MALLORCA	PERSONAL	220.000
FUNDACION RED DE APOYO A LA INTEGRACION SOCIO LABORAL (RAIS)	FUNDACION	COOP. INT./COM. JUSTO	MADRID	CC CREDITO	140.000
IDEALOGIA INTERVENCIÓN COMUNITARIA S.COOP.MADRID	COOPERATIVA	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	MADRID	CC CREDITO	30.000
INICIATIVAS DE ECONOMIA ALTERNATIVA Y SOLIDARIA S.COOP.ANDALUZA	COOPERATIVA	COOP. INT./COM. JUSTO	CORDOBA	PERSONAL	250.000
INSTITUT ASPACE FUNDACIÓN PRIVADA	FUNDACION	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	BARCELONA	CC CREDITO	800.000
IROKO MOBILIARIO Y MONTAJES SL	SOCIEDAD CAPITAL	COOP. INT./COM. JUSTO	MADRID	CC CREDITO	40.000
LABORA SINAPSIS SCCL	COOPERATIVA	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	BARCELONA	CC CREDITO	20.000
MISIONES DIOCESANAS VASCAS	ASOCIACION	COOP. INT./COM. JUSTO	BIZKAIA	PERSONAL	60.000
NORTESOL ENERGIAS RENOVABLES SL	SOCIEDAD CAPITAL	COOP. INT./COM. JUSTO	PALENCIA	CC CREDITO	50.000
OBSERVATORIO INTERNACIONAL DE CIUDADANIA Y MEDIO AMBIENTE SOSTENIBLE	ASOCIACION	AGROECOLOGIA	MADRID	CC CREDITO	15.000
OTROS	PERSONA FISICA	VALORES SOCIALES	BARCELONA	PERSONAL	30.000
RED EAPN RED EUROPEA DE LUCHA CONTRA LA POBREZA	FEDERACION	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	MADRID	CC CREDITO	80.000
RED SOCIAL KOOPERA GIZARTE SAREBA S.COOP	COOPERATIVA	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	BIZKAIA	HIPOTECARIO	1.200.000
SERVEIS INTEGRALS CLARIANA EMPRESA D'INERCIO. SL	SOCIEDAD CAPITAL	COOP. INT./COM. JUSTO	BARCELONA	CC CREDITO	23.000
SETEM EXTREMADURA	ASOCIACION	COOP. INT./COM. JUSTO	CACERES	CC CREDITO	20.000
TRANSFORMANDO S.COOP.ANDALUZA	COOPERATIVA	COOP. INT./COM. JUSTO	CORDOBA	PERSONAL	80.000
TRANSFORMANDO S.COOP.ANDALUZA	COOPERATIVA	COOP. INT./COM. JUSTO	CORDOBA	CC CREDITO	10.000
TXORRIERIKO UPELTEGIEN ELKARTEA S.COOP.	COOPERATIVA	VALORES SOCIALES	BIZKAIA	HIPOTECARIO SAL	700.000
TXUKUNBERRI OSOKO SERBITZUAK SL	SOCIEDAD CAPITAL	INSERC SOCIAL/ ECON. SOLID.	BIZKAIA	CC CREDITO	100.000
					6.354.900

SECTOR	Aprobado	Utilizado		%2010
	2005-2010	2009	2010	
AGROECOLOXÍA	788.000	562.928	517.094	5 %
COOP. INT / COM. XUSTO	3.565.000	1.254.662	1.853.807	18 %
INSERC. SOCIAL / ECON. SOLID.	12.260.319	6.236.487	6.932.123	67 %
VALORES SOCIAIS	2.887.000	559.244	1.039.215	10 %
	19.500.319	8.613.321	10.342.240	100 %

SECTOR	Número de Operacións		
	2009	2010	% 2010
AGROECOLOXÍA	7	7	7 %
COOP. INT / COM. XUSTO	14	21	22 %
INSERC. SOCIAL / ECON. SOLID.	52	48	51 %
VALORES SOCIAIS	13	18	19 %
	86	94	100 %

Como se pode observar, os proxectos de inclusión social e de economía solidaria, así como os de cooperación internacional e comercio xusto, seguen a ser o groso da nosa intervención. Os primeiros, ao incluír a utilización de figuras empresariais, como as empresas de inserción, ou os investimentos en centros de formación ou residenciais, supoñen o 67% do importe aínda que só o 51% das operacións, caso contrario ás entidades que traballan en accións de sensibilización en valores sociais.

PERSONA XURÍDICA	Aprobado	Utilizado		%2010
	2005-2010	2009	2010	
COOPERATIVA	5.989.000	1.996.578	2.560.906	25 %
SOCIEDADE DE CAPITAL	2.667.800	1.419.822	1.544.180	15 %
ASOCIACIÓN	3.556.400	839.580	1.470.948	14 %
FUNDACIÓN	5.239.000	3.152.302	3.554.977	34 %
REDES	1.393.119	712.512	743.570	7 %
OUTROS	655.000	492.527	467.658	5 %
	19.500.319	8.613.321	10.342.240	100 %

PERSONA XURÍDICA	Número de Operacións		
	2009	2010	% 2010
COOPERATIVA	12	20	21 %
SOCIEDADE DE CAPITAL	16	18	19 %
ASOCIACIÓN	36	33	35 %
FUNDACIÓN	9	10	11 %
REDES	9	10	11 %
OUTROS	4	3	3 %
	86	94	100 %

Nesta segunda clasificación, incluímos por primeira vez os créditos por tipo de entidade perceptora. Fundacións e cooperativas son as que maior saldo disposto teñen, seguidas de asociacións e sociedades de capital. Tendo en conta que nestas últimas a maior parte está representada por sociedades limitadas coa consideración de Empresa de Inserción, podemos concluír que son o sector sen ánimo de lucro e o cooperativismo os nosos ámbitos máis habituais.

Pódese observar como se intercambian o peso as asociacións e fundacións. As primeiras lideran con moito o número de operacións (máis se temos en conta que a maior parte das redes son asociacións) pero supoñen unha porcentaxe razoablemente baixa do volume. Porén, as fundacións ao ser o 11% das operacións, supoñen o 34% do volume, debido fundamentalmente á presenza de créditos hipotecarios.

TERRITORIO	Aprobado	Utilizado		%2010
	2005-2010	2009	2010	
EUSKADI	7.722.800	3.699.488	3.505.873	34 %
CATALUÑA	4.564.619	1.679.095	2.588.571	25 %
CASTELA E LEÓN	185.000	103.071	107.362	1 %
ESTREMADURA	107.000	84.862	63.830	1 %
CANTABRIA	45.000	0	0	0 %
COM. VALENCIANA	1.094.000	405.152	767.878	7 %
ANDALUCÍA	2.519.500	1.417.403	1.504.161	15 %
GALIZA	210.000	14.221	22.879	0 %
MADRID	1.392.400	349.067	791.382	8 %
NAVARRA	790.000	624.233	583.910	6 %
BALEARES	620.000	236.740	248.991	2 %
ARAGÓN	250.000	0	157.403	2 %
	19.500.319	8.613.321	10.342.240	100 %

TERRITORIO	Número de Operacións		
	2009	2010	% 2010
EUSKADI	27	23	24 %
CATALUÑA	20	27	29 %
CASTELA E LEÓN	3	3	3 %
ESTREMADURA	2	3	3 %
CANTABRIA	0	1	1 %
COM. VALENCIANA	3	3	3 %
ANDALUCÍA	9	10	11 %
GALIZA	3	3	3 %
MADRID	12	14	15 %
NAVARRA	6	4	4 %
BALEARES	1	2	2 %
ARAGÓN	0	1	1 %
	86	94	100 %

En canto ao territorio de referencia, o crecemento máis significativo prodúcese en Catalunya, que superou a Euskadi en número de operacións, aínda que non en volume. Madrid creceu nos últimos anos moito en proxectos financiados, aínda que relativamente en volume, multiplicando por 2 a súa actividade de crédito, practicamente limitada ao aforro en exercicios anteriores, cunha liña que se consolidará en 2011. É certo que a maior parte do volume se realiza nos lugares onde hai persoas contratadas, próximo ao 60%, ou na súa redonda próxima, pero non podemos esquecer mencionar o 15% financiado en Andalucía, onde non existen apenas persoas clientes de aforro.

TIPO FINANCIAMENTO	Aprobado		Utilizado	
	2005-2010	2009	2010	%2010
AVAL	83.019	77.099	77.099	1 %
C.C. CRÉDITO	9.539.800	2.881.864	4.250.574	41 %
HIPOTECARIO	7.743.500	5.022.298	4.906.000	47 %
PERSONAL	2.134.000	709.160	1.185.666	11 %
	19.500.319	8.613.321	10.342.240	100 %

TIPO FINANCIAMENTO	Número de Operacións		
	2009	2010	% 2010
AVAL	2	2	2 %
C.C. CRÉDITO	56	57	61 %
HIPOTECARIO	12	15	16 %
PERSONAL	16	20	21 %
	86	94	100 %

Por tipo de crédito, como xa se comentaba anteriormente, aprobáronse a finais do exercicio varias operacións hipotecarias que, ou ben non se asinaron aínda, ou ben deben dispor do crédito a medida que certifican as obras obxecto do préstamo. Por isto, o impacto verase sobre todo no exercicio 2011. O crecemento dos exercicios 2008-2010 estivo representado case na súa totalidade polas liñas de liquidez, que supuñan o 61% das operacións e o 41% do volume, a pesar de terse comezado a utilizar a finais de 2007. Os créditos hipotecarios, que representaban preto do 80% a finais de 2007, acadan o 47% a finais de 2010.



aforro

Non se poden promover operacións de financiamento como as mencionadas no punto anterior, se a sociedade non achega recursos para canalizalos nesa liña. E, a pesar do contexto de dificultade e dos altos tipos de interese pagados no mercado, Fiare seguiu ao seu ritmo. Este é aínda máis meritorio se temos en conta que parte dos fondos dispoñibles da nosa base social se canalizaron cara ao capital social.

Se temos en conta o volume de recursos recibidos, como se pode observar nesta táboa, produciuse un crecemento próximo aos 4 millóns de euros, similar ao dos anos anteriores. O crecemento do exercicio 2009 foi extraordinario debido a algúns depósitos grandes de entidades públicas. Polo tanto, o ano 2010 sitúase na liña de 2008, só que distribúe un crecemento de 5 millóns de euros aproximadamente entre 4 de aforro e 1 de capital social. Esta proporción 80%-20% é espectacular e dificilmente repetible.

Finalmente o crecemento foi dun 18,75%, porcentaxe moi alta aínda, máis que razoablemente irase reducindo a medida que vaíamos crescendo, ao ser maior a base sobre a que calcular a porcentaxe.

ANO	IMPORTE
2005	2.848.522
2006	7.434.587
2007	9.584.032
2008	14.082.585
2009	21.115.268
2010	25.076.489

En canto ao número de libretas abertas, o crecemento, de 327, sitúase nun termo intermedio entre as 230 de 2008 e as 434 de 2009, cun incremento en porcentaxe de 30,47% e unha media por libreta nova de 12.113 €, para un saldo medio acumulado de 17.911 €.

ANO	LIBRETAS
2005	61
2006	252
2007	409
2008	639
2009	1.073
2010	1.400

En canto aos destinos dos fondos suxeridos pola nosa clientela, mantéñense a cooperación internacional e o sector social como as máis relevantes.

En liñas xerais pódese dicir que a maior diferenza entre o que facemos e o que nos gustaría facer está no ámbito da cooperación internacional e do comercio xusto. Pode ser que a realidade internacional sexa máis complexa, que o crédito non sexa a ferramenta máis demandada. O caso é que os próximos anos serán de redución da axuda oficial ao desenvolvemento e de dificultade neste tipo de operacións.

FIARE - AFORRO

AFORRO	2006	2007	2008	2009	2010
DESTINO AFORRO					
Cooperación	44,42 %	38,95 %	36,69 %	35,92 %	35,42 %
Social	38,66 %	38,03 %	35,57 %	35,97 %	33,68 %
Medioambiente	1,98 %	3,57 %	4,38 %	4,38 %	4,79 %
Calidade de vida	0,00 %	0,00 %	0,23 %	0,23 %	0,03 %
Indistinto	14,94 %	19,46 %	23,13 %	23,91 %	26,08 %
	100,00 %	100,00 %	100,00 %	100,00 %	100,00 %

Por territorio de recollida das solicitudes de apertura de produtos de aforro, incluímos aqueles nos que ditas propostas se recollen de xeito “ordenado”, aínda que tamén haxa algunha operación illada noutros territorios.

Como se pode observar, a oficina de Bilbao, e o traballo que desde alí se leva a cabo en Navarra, supoñen preto do 70% do total. De todas formas, a medida que van consolidándose volumes noutros territorios, vai descendendo o peso da primeira oficina no total.

Territorio	% 2009	%2010
Euskadi	60,30%	58,02%
Navarra	9,23%	9,27%
Cataluña	15,98%	15,99%
Comunidade Valenciana	0,57%	0,52%
Madrid	12,91%	14,86%
Andalucía-Estremadura	1,01%	1,34%

En canto á tipoloxía de produtos contratados, elimínanse dous tipos de libretas (aforro fiscal e libreta fiare) que nos acompañaban desde o primeiro día e que foron languidecendo a medida que desaparecían as razóns que as fixeron nacer (unha normativa fiscal sobre o pagamento de todos os intereses dunha imposición pluriannual ao final do período, e o pagamento de cotas de préstamos nunha época sen conta corrente). A súa porcentaxe, que xa era pequena, distribuíuse entre outros produtos a prazo.

Os produtos a menor prazo, como a libreta tesourería (entre 1 e 6 meses), a dispoñibilidade (á vista) ou a conta corrente (utilizada por entidades, fundamentalmente para os produtos de financiamento), son minoritarios, representando fundamentalmente a falta de certeza sobre o tempo en que se pode inmovilizar o diñeiro, xa que as imposicións da libreta tesourería renóvanse en case todos os casos.

Destacar o crecemento da libreta universal, que se converteu na libreta máis común para os novos clientes, permitindo a súa apertura desde os 200 €, e a libreta redes, na que se renuncia á percepción de intereses, en beneficio de proxectos sociais elixidos pola persoa cliente de entre unha listaxe de opcións. Segue crecendo desde a súa creación, ata un 12,79% do total (pero o 22,51% do total de libretas, só que de menor importe medio), supón o 22,59% do volume do crecemento de 2010.

Tipo Libretas	%2009	%2010
Vinculado	48,98%	44,35%
Dispoñibilidade	8,32%	8,95%
Fiare	0,01%	0,00%
Tesourería	22,35%	22,34%
Universal	3,88%	8,97%
Aforro Fiscal	2,93%	0,00%
Redes	10,98%	12,79%
Conta Corrente	2,55%	2,60%

Estimadas/os amigas e amigos

É un enorme pracer participar na vosa memoria. Penso que será importante de cara a reforzar a colaboración activa entre Banca Etica e Fiare.

Pechamos en Bolonia hai pouco a nosa Asemblea xeral. Un encontro verdadeiramente moi participativo, unha ocasión para razoar sobre os resultados do ano anterior e para compartir os obxectivos futuros. É particularmente significativo, ademais do importe económico, que a Asemblea de Banca Etica aprobara a proposta de que parte da contribución ofrecida á Fundación Cultural Responsabilidade Etica veña repartida equitativamente entre as 4 áreas da Banca e Fiare para a actividade cultural sobre o territorio. Un signo tanxible de como para nós Fiare debe ser considerada a "quinta" Área territorial de Banca Etica.

En 2010 comezamos a acadar bos resultados económicos, a "rendibilidade" da nosa operación común aínda non é suficiente, pero a mellora é constante e podemos esperar unha aceleración no futuro.

A ralentización da hipótese operativa de Banca Etica Europea, decidida de común acordo, déixalle á vosa realidade tempo para crecer e elixir o camino que ten que seguir nos anos futuros. Para o que nos toca estamos contentos da relación actual e dos posibles desenvolvementos futuros en termos de operatividade.

Porén, creo que aínda por encima da parte económica, únenos a visión dunhas finanzas e dunha economía orientadas eticamente. Este posicionamento cultural ve como central o rol das relacións non económicas na actividade financeira: o punto de atención ás consecuencias sociais, ambientais e culturais da acción financeira.

Este punto de vista atopa estímulo e raíces culturais nas experiencias de consumo crítico, na visión global e interxeracional da cuestión ecolóxica, nos estudos académicos sobre a economía civil e no pensamento dalgún dos premios Nobel que traballaron na importancia das relacións e dos procesos participativos en economía.

A relación entre as nosas realidades sociais parte dunha visión que unifica operatividade económica coas redes de relacións sociais, que se espreme a través da captación do capital social. Unha relación que se traduce tamén nunha toma de posición "política" típica da sociedade civil, antes que dos intermediarios financeiros. Unenos unha visión de fondo orixinal que debemos facer operativa con métodos innovativos na relación coa clientela, tanto no aforro como no crédito.

Os 12 anos de Banca Etica en Italia demostran que unha finanza ética é posible, un percorrido que Fiare tomou tanto idealmente como operativamente e que debe levarnos a ser unha realidade estruturada sobre o territorio.

A colaboración entre as nosas organizacións deberémoslle "contar" aos nosos socios e clientes en Italia; para isto nos próximos meses incluiremos nas nosas ferramentas de comunicación novidades, historias de realidades financiadas, encontros que nacen e se desenvolven dentro da vosa rede.

Deséxovos a todas e todos que poidades continuar a ver crecer o capital social e relaciónal: unha boa medida que nos une e que dá testemuña da nosa capacidade de implicar recursos e ideas para transformalas en finanzas éticas.

É un compromiso de todas e todos. Ánimo
Ugo Biggieri ²



² Nun momento de reforzamento do traballo conxunto entre Fiare e BpE, acreditado nos intercambios de notas entre ambos consellos de administración, parécenos oportuno facer presente a Banca Popolare Etica na nosa memoria.

assemblea

anual de banca popolare etica³

O sábado 28 de maio celebrouse en Bolonia a assemblea xeral de socios de Banca Etica. Un encontro moi sentido entre máis de 35.000 socios repartidos por toda Italia, que enviaron a Bolonia unha gran representación: 445 foron os socios presentes físicamente e 1.607 os presentes por delegación.

A assemblea votou o balance de 2010 pechado cun beneficio de 1 millón e 32.000 euros que serán destinados nun 10% como doazón a favor da Fundación Cultural Responsabilidade Etica. O balance evidencia tamén un forte incremento dos volumes: o aforro directo acadou a cota de 660 millóns de euros (+4,4% respecto ao 2009, mentres a media do sistema bancario italiano sinalada polo ABI foi do 2%) e os financiamentos acadan a cota de 440 millóns de euros (+24% sobre o

2009, respecto a unha media do sistema bancario italiano sinalada do ABI igual ao 7,9%).

Plenamente satisfactorios foron tamén os resultados dos fondos de investimentos éticos de Etica sgr que viron incrementado o seu volume nun 31,8%.

Os datos sobre os primeiros meses de 2011 confirman a tendencia positiva: continúa o crecemento dos socios, do capital social e dos volumes da primeira banca en Italia dedicada completamente ás finanzas éticas e a darlles crédito ás iniciativas de economía civil e solidaria dirixidas ao ben común.

«A economía italiana aínda mostra unha demanda interna débil, unha crise ocupacional e unha redución dos ingresos das familias – dixo o presidente de Banca Etica, Ugo Biggeri na súa intervención- destacando que a

³ Ao realizar o seu traballo como axente, a información sobre volumes globais, capital social, resultado, morosidade, etc. só pode entenderse a partir dos datos da entidade financeira coa que traballamos, Banca Popolare Etica. De aí que incluíramos esta nota de prensa sobre a súa assemblea.

crise levou a orzamentos económicos que impactan negativamente sobre as políticas sociais, investigación, formación, entidades locais e cooperación ao desenvolvemento. Por isto, Banca Etica sente que ten o deber de facer un maior esforzo para apoiar ás cooperativas, ás asociacións e a todas as empresas sociais que traballan para darlles unha resposta ás esixencias do bo facer e do respecto do medio ambiente cada vez deixadas máis ao descuberto por parte do sector público». Por isto, Biggeri lembroulles a todos os socios a importancia da campaña de capitalización en curso: «Capitalizar a Banca significa reforzala desde o punto de vista patrimonial permitíndolles absorber os riscos vinculados á operativa e de desenvolver o volume: en poucas palabras por cada 1.000 euros de novo capital social dos socios, a Banca poderá destinar máis de 12.000 euros de préstamos ás empresas sociais. Ademais, estamos traballando para reforzar o retorno mutualístico para aqueles que invisten en Banca Etica». O presidente lembrou tamén como ao longo do primeiro ano de traballo do novo consello de administración foron postas en marcha operacións importantes tales como o repensamento radical do organigrama da banca e da organización interna que levará a unha notable recuperación da eficiencia.

O director xeral, Mario Crosta, sinalou como a Banca Etica está conseguindo manter un nivel decididamente de contención da morosidade, situado no 0,39% dos financiamentos abertos respecto ao 2% e a media do sistema bancario italiano. «En 2010 creamos novos produtos cunha particular atención á Web e á operatividade a distan-



cia: ademais da Conta En Rede, está xa tamén dispoñible no mercado Fund Facility: unha plataforma informática que simplifica a xestión do aforro de fondos e dos cobros para as asociacións e as cooperativas. Continúa tamén a tendencia de crecemento da rede comercial: ás xa existentes 14 oficinas sumaranse ao longo do 2011 as novas aperturas de Ancona e Trieste».

A Asemblea de socios votou tamén a renovación do Comité Ético, órgano máis que nunca central en Banca Etica, encargado do mantemento da coherencia coa misión. A continuación recolleemos os membros do Comité Ético, en orde alfabética: Giovanni Acquati, Leonardo Becchetti, Tiziana Bonora, Claudio Ferrari, Marina Galati, Pasquale Iorio e Ercole Ongaro. No desenvolvemento da primeira reunión do comité elixirán o seu presidente.

Os días 13 e 14 de Decembro tivo lugar na Universidade de Deusto (Bilbao) unha sesión de traballo das comisións de avaliación ético social, que co equipo profesional, os representantes das redes territoriais e o Comité de ética, debateron sobre o proceso de adecuación ética do proxecto Fiare.

Os participantes analizaron durante dous días o proceso de avaliación ético social de Fiare tanto desde o punto de vista da metodoloxía empregada como das diferentes estruturas utilizadas para o seu desenvolvemento, con especial atención ao papel das comisións territoriais de avaliación ético social. Estas comisións, das que existen actualmente nove, son un dos elementos chave do Sistema de Banca Ética que Fiare está construíndo desde o ano 2005 en todo o estado.

Ao encontro asistiron representantes das comisións de Euskadi, Madrid, Andalucía, Valencia e Navarra, así como responsables das redes territoriais de Galiza e Canarias, cuxas comisións de avaliación están agora en proceso de creación. Tamén estiveron presentes membros do equipo profesional do proxecto, tanto da estrutura central como das oficinas de Bilbao, Barcelona e Madrid. O Comité de ética estatal ao completo e representantes da Xunta estatal de socios completan a trintena de persoas que estiveron traballando estas dúas xornadas.

As sesións comenaron cunha presentación do sistema de adecuación ética do proxecto Fiare, seguida dun debate entre todos os asistentes sobre os retos que afronta dito sistema nestes momentos. Posteriormente, desenvóléronse sesións de traballo en grupo e debate en plenario sobre cada un dos aspectos específicos da avaliación ético social das solicitudes de financiamento: estruturas, proceso e procedemento. A última sesión centrouse nos retos que afronta



Encontro de Comisións de Avaliación. Universidade de Deusto. Decembro 2010

o proxecto Fiare para manter a súa integridade a medida que vai crescendo. As propostas e conclusións serán analizadas polo Comité de Ética estatal e devoltas aos distintos axentes implicados.

De entre estas conclusións cabe destacar a necesidade de actualizar as ferramentas de avaliación utilizadas, a importancia da coordinación entre o equipo profesional, as comisións de avaliación e as xuntas territoriais, e a responsabilidade de todos os axentes na realización dos compromisos que supón o marco ético de Fiare. Tamén se fixo fincapé nas maneiras de articular na práctica valores como a transparencia, a participación ou a proximidade ao territorio, así como na trascendencia que ten para un proxecto de banca ética a cuestión dos límites do dereito ao crédito e as condicións para a súa realización na práctica.

O encontro organizouse no marco das actividades de investigación e transferencia de coñecemento que o Centro de Ética Aplicada da Universidade de Deusto promove a través do seu equipo de investigación, e é froito do convenio de colaboración que dita universidade ten firmado coa Fundación Fiare.

convenio

de colaboración con Arç cooperativa



Equipo de Arç

En setembro de 2010 estableceuse un convenio de colaboración entre Fiare e Arç Corredoria d'Assegurances S.Coop.C.L. co obxecto de impulsar o desenvolvemento do seguro ético e solidario e a construción de mercado social.

Arç é unha correduría de seguros, cooperativa de traballo asociado, con 28 anos de experiencia, especializada na xestión de programas de seguros para a economía social e solidaria e para instalacións de enerxías renovables que forma parte da Xarxa d'economía solidària de Catalunya e da comisión de mercado social de Reas (Rede de Redes de Economía Alternativa e Solidaria), na cal coincide con Fiare..

Arç foi o primeiro mediador de seguros en Europa rexistrado para a xestión do seguro ético e solidario co máximo nivel de rexistro (RG2).

O seguro ético e solidario é un concepto do seguro que trata de devolver ao mercado asegurador a práctica ética e solidaria profundizando no sentido social do seguro recuperando o mutualismo baseado nos vínculos de solidariedade entre as persoas.

Este concepto apóiase no desenvolvemento do selo europeo Ethsi (Ethical and Solidarity-based Insurance) que establece criterios de referencia (responsabilidade social, investimento socialmente responsable, transparencia, vinculación

coa economía solidaria e a banca ética...) para os produtos aseguradores, os xestores e as compañías aseguradoras.

Para máis información: www.ethsi.net

Do despregamento operativo do convenio hai que salientar dous servizos desenvolvidos por parte de Arç:

Due Dilligence de programas de seguros para Fiare como entidade financeira e Diagnóstico e optimización de programas de seguros para as empresas e/ou entidades asociadas a Fiare.

Este servizo está orientado a dispor da mellor combinación entre a xestión de riscos transferidos ao mercado asegurador, as garantías aseguradas e o custo económico. Para isto, analízase a adecuación do programa de seguros á actividade realizada, revísanse os criterios de determinación de capitais asegurados, os límites de indemnización e as franquicias, ademais das obrigas legais e con entidades financeiras se fora o caso.

Segundo datos elaborados por Arç, a xestión deste servizo baixo o criterio de valores e prezos cooperativos significou a 31-12-2010, respecto aos últimos 30 proxectos de seguros contratados para entidades e empresas do mundo da cooperación social, unha diminución de custos (mantendo ou mellorando garantías e capitais asegurados) do 44% en seguros de danos, do 26% en seguros de responsabilidade civil e do 39% en seguros de accidentes.

Para máis información e solicitude de proxectos, tamén de seguros para particulares, pódese acceder a www.arccoop.coop/fiare, ou preguntar en calquera punto de Fiare. Igualmente, para coñecer mellor o funcionamento do selo ETHSI e do seguro ético e solidario, podedes acudir ao boletín etikum número 17.

REDES

NAS QUE PARTICIPAMOS

Igual que valoramos moi positivamente nas entidades que se achegan a Fiare a súa pertenza a redes de transformación social, Fiare tamén é parte das seguintes plataformas:



REAS: Rede de Economía Alternativa e Solidaria. Composta por máis de 200 entidades que nos agrupamos en redes territoriais e sectoriais.



COOP 57: Cooperativa de servizos financeiros, tamén membro de REAS e respetuosa cos seus principios. É, ademais, ata o momento, o único socio transversal de Fiare, polo que se trata de proxectos que se poden enriquecer mutuamente.



FEBEA: Federación Europea de Bancos Éticos e Alternativos, con sede en Bruxelas, da que formamos parte máis de 20 proxectos do continente que tratamos de poñer as finanzas ao servizo dunha sociedade máis xusta.



INAISE: Asociación Internacional de Inversores na Economía Social. Agrupación inicialmente europea, agora mundial, que agrupa a un número de socios moi amplo traballando no mundo das finanzas alternativas. Non todas as entidades teñen actividade financeira, como en Febea.



SPAINSIF: Foro Español de Inversión Socialmente Responsable. Entidade constituída precisamente en 2009, en cuxa fundación fomos invitados a participar xunto a unhas 30 entidades, maioritariamente financeiras, algunhas entidades sociais, sindicais, etc.

Oficinas:

Bilbao
Local de Fiare
Santa María 9,48005
Teléfono: 944 153 496
info@projectofiare.com

Barcelona
Local de Fiare
Providencia 20, 08024
Teléfono: 933 689 982
info@projectofiare.cat

Puntos Informativos

Donostia-San Sebastián

Horario: xoves de 18:00 a 20:00 horas
Local de Caritas Gipuzkoa
Paseo de Salamanca 2
gipuzkoa@projectofiare.com

Irun

Horario: mércores de 18:00 a 20:00 horas
Local de Behar Bidasoa,
Decarga 18
gipuzkoabidasoa@projectofiare.com

Ordizia

Horario: luns de 18:00 a 20:00 horas
Goierni 12 baixo
gipuzkoa@projectofiare.com

Vitoria-Gasteiz

Horario: luns de 18:00 a 20:00 horas
Local de Misiones Diocesanas Vascaas
Sancho el Sabio 19-2C
vitoria-gasteiz@projectofiare.com

Medicus Mundi Alava

Ilsunza 9

SETEM-Hego Haizea

San Vicente de Paul 10

Pamplona

Horario: luns de 18:00 a 20:00 horas
Local de Ipes,
Tejeria 28
navarra@projectofiare.com

Burgos

FECLIE – Fundación Lesmes.

Manuel Altolaquirre s/n
Teléfono: 947 256 219 / Fax: 947 276 413
Horario: venres de 10:00 a 14:00 horas
fiare.burgos@gmail.com

Caritas Diocesanas.

San Francisco 8, Bajo
Teléfono: 947 244 914 / Fax: 947 276 413
Horario:
luns a venres de 10:00 a 14:00 horas
fiare.burgos@gmail.com

León

Asociación de consumidores e produtores ecolóxicos La Semilla
San Guillermo 52
(antiga librería Pumuki)
Teléfono: 622 042 425
Horario: mércores de 18:00 a 21:00 horas
fiareleon@gmail.com

Valladolid

Asociación Vecinal Rondilla

Marqués de Santillana 4, bajo.
Horario: martes de 17:30 a 19:30 horas
fiareyl@gmail.com

COCEDER.

Fuente El Sol 2, (entreplanta).
Horario: mércores de 12:30 a 14:30 horas
fiareyl@gmail.com

Azacan-SERSO.

Paseo Farnesio 7-9
Teléfono: 983 222 967
Horario: xoves de 17:30 a 19:30 horas
fiareyl@gmail.com

Ecogermen.

Plaza Elíptica 15, bis
Teléfono: 983 376 396.
Horario: venres de 19:30 a 20:30 horas
fiareyl@gmail.com

Las Palmas de Gran Canaria

Café D'espacio,
Cebrían 54
Teléfono: 928 360 381
laspalmas@projectofiare.com

Santa Cruz de Tenerife

Centro insular de entidades de voluntariado do cabildo de Tenerife (IASS)

Juan Ruméu García, 28,
Despacho 2-i
Horario: 17:00 a 19:00 horas
Teléfono: 922 099 772
tenerife@projectofiare.com

Valencia

Fundación Novaterra.

Camino Viejo de Xirivella, 11
Horario:
martes e xoves de 10:00 a 12:00 horas
Teléfono: 963 122 472 (Ángel)
xarxavalenciana@projectofiare.com

Alicante

Fundación Nova Feina.

San Raimundo, 21- bajo
Horario: martes de 16:30 a 19:00 horas
Teléfono: 965 125 598
alicante@projectofiare.com

Castellón

Fundación Patim

Plaza Tetuán nº 9 - 3º
Teléfono: 964 214 593
castellon@projectofiare.com

Madrid

Setem

Gatzambide 50 Bajo
Teléfono: 679 847 922
Horario: mércores 18:00 a 20:00 horas

Entreculturas

Pablo Aranda 3
Teléfono 91 5902 672
Horario:
martes e xoves de 10:00 a 13:30 horas

Fundación PROCLADE

Conde de Serrallón, 15
Teléfono: 91 3147 871
Teléfono e Fax: 91 3232 674
Horario:
luns a xoves de 9:00 a 18:30 horas
venres de 9:00 a 15:00 horas

Córdoba

Asoc. Banca Ética Fiare-Sur

Claudio Marcelo 7
Teléfono: 957 488 173
sur@projectofiare.com
Horario: martes 10:00 a 14:00 horas

Granada

Fondo de Solidariedade Paz e Esperanza

Músico José Ayala Canto, 4- Local izq
Teléfono: 958 522 881
info@fondodotesolidaridad.org
Horario:
luns, mércores e venres 10:00 a 14:00 horas
e mércores 17:00 20:00 horas

Cádiz

Fondo Solidario de El Puerto

Teléfono: 627 289 882 (Vicente)
fondo_solidario@hotmail.com

Sevilla

Local de "La Ortiga"
Cristo del Buen Fin 4
Teléfono: 690 774 864 (Miguel Ángel) y
Teléfono: 646 360 038 (Manolo)
Horario: 10:00 a 12:00 horas
sevilla@projectofiare.com

Rico Cejudo, 37-Bajo-dcha.

Horario: martes de 18:00 a 20:00 horas.

Málaga

Fundación Solitec

Marea Baja, 19
Polígono Industrial Alameda
Teléfono: 666 711 426
malaga@projectofiare.com

Almendralejo

Fundación Ruy López

Reina Victoria, 5
Teléfono: 924 671 438
info@fundacionruylopez.org

Badajoz

Coordinadora Estremeña de ONGD

Godofredo Ortega y Muñoz, 1, Local 4
Teléfono: 924 25 78 01
secretariatecnica@conglex.org

Los Santos de Maimona -Zafra

ESII Maimona, CEI Diego Hidalgo
Ctra. Paraje de la Nava s/n, Despacho E8
Teléfono: 670 766 259

Merida

ABA Mérida

(Asociación Banca Alternativa)

Suárez Somonte, 66
Teléfono: 690 654 138
www.abamerida.org

Plasencia

RED CALEA

Avda. Dolores Ibarri, 34, Local 14
Teléfono: 927 427 107
redcalea@redcalea.org

Sabadell

Lliga dels drets dels pobles

Horario:

luns a venres de 17:00 a 21:00 horas
Sant Isidres 140
Teléfono: 937 237 102

Sant Cugat del Valles

Universitat Internacional per la Pau
Teléfono: 609 010 798
secretaria@universitatdelapau.org

Santiago de Compostela

Local de Panxera e O Peto
Horario:
martes e xoves de 18:00 a 20:00 horas e
sábados de 11:00 a 14:00 horas
A Rosa 36 baixo
fiarezg@projectofiare.com
Teléfono: 981 937 238 (Panxea)
Teléfono: 696 292 330 (Raúl)

Vigo

Local da Fundación Proclade

Horario:

luns e mércores de 18:30 a 20:00 horas
Honduras nº 5 baixo
fiarezg@projectofiare.com

www.projectofiare.com

Esta obra está baixo unha licenza Creative Commons
Reconocimiento-NoComercial-Compártirlgulo 3.0 España
<<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/>>

Permítese libremente copiar, distribuír e comunicar publicamente esta obra sempre e cando se recoñeza a autoría e non se use para fins comerciais. Se se altera ou transforma, ou se xera unha obra derivada, só poderá distribuírse baixo unha licenza idéntica a esta. Licenza completa:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/>